

**BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES EN PROL DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA O ANO 2017**

**1. FINALIDADE E OBXECTO**

Coa finalidade de contribuír ao financiamento de actividades en prol da igualdade efectiva de mulleres e homes, o empoderamento das mulleres e a prevención e loita contra a violencia de xénero no Concello de Santiago de Compostela, a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo realiza a presente convocatoria pública, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva.

Estas bases reguladoras teñen por obxecto establecer as normas para a solicitude, a concesión, a xustificación e o pagamento das subvencións que, en réxime de concorrencia competitiva, conceda a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago.

**2. APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito orzamentario por importe de 27.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 070 23102 48901/2017.

**3. RÉXIME XURÍDICO**

O marco normativo polo que se rexerá esta convocatoria de subvencións está constituído polas leis e disposicións que de seguido se detallan e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- **A Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa** modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no **artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións** e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade recóllense no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2. . O apartado 20.8 sinala que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.
- **A Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións** (BOE Nº 299 do 15.12.2015), no seu **apartado Terceiro.1** sinala que *As bases reguladoras aprobaranse e*

publicarán de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas. Con carácter xeral, o réxime aplicable aparece recollido no artigo 52 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común. No seu **Apartado Cuarto**. Fornezo da información da convocatoria á BDNS.

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.

e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

- Bases de execución do orzamento de 2017, do Concello de Santiago.

#### **4. PROGRAMAS / ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES**

A presente convocatoria está dirixida a subvencionar programas e actividades que persigan o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención e loita contra a violencia de xénero:

**Liña 1. Fortalecemento e empoderamento do movemento asociativo no ámbito dos dereitos das mulleres e LGTBI do municipio de Santiago.** O obxecto desta liña é o de apoiar economicamente os gastos de dinamización asociativa para contribuír ao fortalecemento e empoderamento colectivo do movemento asociativo activo pola igualdade e a diversidade sexual no concello de Santiago de Compostela.

**Liña 2: Actividades de fomento da igualdade entre mulleres e homes.** O obxecto desta liña é o de apoiar a realización de actividades e desenvolvemento de iniciativas que promovan a igualdade de xénero, comprendendo algunha das seguintes actuacións:

- Actividades de sensibilización e fomento da igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.
- Formación á poboación xuvenil en valores de igualdade de oportunidades para mulleres e homes.
- Obradoiros en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero.
- Actividades que fomenten a corresponsabilidade familiar e o cambio de condutas en materia de conciliación, e reparto de responsabilidades das tarefas doméstica e de coidado.
- Accións relacionadas coa saúde da mulleres e o seu benestar xeral: obradoiros, charlas, cursos ou conferencias sobre hábitos de vida saudables; detección precoz de enfermidades; trastornos da alimentación; relacións afectivo-sexuais; autoestima e imaxe corporal; fomento da práctica de actividades físicas...
- Formación en linguaxe non sexista.
- Campañas a prol do xoguete non sexista. Actividades de sensibilización sobre os efectos dos xoguetes sexistas nos nenos e nas nenas.

- Actividades de información e sensibilización sobre roles e estereotipos de xénero, a súa repercusión na vida de mulleres e homes no espazo público e privado.
- Accións sobre a educación en igualdade, dereitos, servizos e recursos para as mulleres.
- Actividades para visibilizar o papel das mulleres na historia, na arte, na literatura, na política, na ciencia, no deporte...
- Actividades de formación e/ou información dirixidas ás mulleres do eido rural sobre melloras para o desenvolvemento deste sector produtivo.
- Actividades de formación e de promoción do acceso e uso das novas tecnoloxías.
- Actividades que fomenten a participación social das mulleres.
- Actividades que fomenten as relacións interxeracionais e interterritoriais entre mulleres.
- Actividades que promovan o empoderamento das mulleres.
- Actividades específicas dirixidas a mulleres que poidan estar en risco de exclusión social ou sufrir discriminación múltiple polas súas condicións físicas, psíquicas, de etnia, idade, diversidade sexual, localización xeográfica e outras circunstancias.

### **Liña 3: Actividades para a prevención das violencias machistas no municipio de Compostela.**

O obxecto desta liña é o de apoiar a posta en marcha e/ou o desenvolvemento de actividades e iniciativas conducentes a avanzar cara a unha cidade libre de violencias machistas.

- Actividades de formación/información, sensibilización e prevención da violencia de xénero: obradoiros de formación na violencia de xénero; actos ou campañas de sensibilización; actos conmemorativos do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero...
- Sensibilizar á poboación para a prevención, detección e denuncia de situacións de violencia cara as mulleres.
- Calquera outra acción dirixida á erradicación da violencia de xénero.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza das actividades subvencionadas (campañas, cursos, talleres, xornadas, seminarios, obradoiros, charlas, publicidade, etc.) e sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017.

### **5. ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Poderá ter a condición de entidade beneficiaria calquera asociación do Concello de Santiago de Compostela, que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar inscrita no rexistro municipal de asociacións e, no caso de estalo, ter actualizados todos os seus datos, polo que calquera cambio xurdido dende a súa inscrición ou última actualización, deberá comunicarse por escrito ao Departamento de Igualdade xunto á solicitude.
- b) Carecer de fins de lucro.
- c) Desenvolver principalmente as súas actividades no Concello de Santiago de Compostela.
- d) Estar ao corrente, no seu caso, nas xustificacións doutras subvencións concedidas polo Concello de Santiago.
- e) Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e Comunidade autónoma e coa Seguridade Social.
- f) Non estar incluída nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non terán a condición de beneficiarias as entidades arriba sinaladas nas que concorran algunha das circunstancias indicadas no apartado 2º) e 3º) do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ou apartados 2º) e 3º) do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- g) Ter como obxectivo expreso nos seus estatutos ou entre os seus fins institucionais a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.

## **6. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Son obrigas das entidades beneficiarias da presente subvención:

- a) Cumprir os obxectivos e realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, a realización das actividades, así como o cumprimento dos requisitos, condicións e finalidade que determinaron a concesión da subvención.
- c) Aportar tanta información sexa requirida polo Departamento de Igualdade e polo órgano concedente.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que sinala o Departamento de igualdade e o órgano concedente.
- e) Comunicar ao Departamento de Igualdade da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo tanto a solicitude como a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto da presente subvención. Esta comunicación deberá facerse no momento en que se teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.
- g) Difundir e darlle a debida publicidade á colaboración e financiamento da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago, o que deberá acreditarse debidamente na memoria da actividade que se presente como xustificación.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluso os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i) Proceder o reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados na base 15 desta convocatoria.
- j) Que no exercicio da súa actividade non fose sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma sobre Igualdade.
- k) Que no exercicio da súa actividade utilicen unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.
- l) Que as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) que traballen en actividades que impliquen contacto habitual con menores acrediten que non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos mediante unha certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, que modifica a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor).
- m) Que non se encontren nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- n) Os demais recollidos na Lei xeral de subvencións.

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes de subvención e deberán manter todos eles ao longo do ano 2017.

Non se admitirán a trámite as solicitudes de subvención das entidades que non cumpran todos os requisitos na dita data.

## **7. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

As solicitudes de subvención, conforme ao formulario incluído como Anexo 1, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou no Rexistro Auxiliar do Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado 14-16, baixo ou, en calquera dos lugares indicados no apartado 4), do artigo 16, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Dito anexo 1 deberá presentarse debidamente cumprimentado, marcando obrigatoriamente cun aspa todas as declaracións e autorizacións nel contidas e achegando a seguinte documentación:

- a) Orzamento de ingresos e gastos das actividades obxecto de subvención.
- b) Memoria explicativa das actividades, con indicación da data e lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos aos que se destinarán os fondos e o número de persoas beneficiarias, directa ou indirectamente pola actividade. Calquera modificación destas circunstancias debe ser autorizada polo Departamento de Igualdade.
- c) Certificación emitida pola asociación ou entidade solicitante na que se acredite a identidade das persoas que ostenten cargos, con indicación do cargo que desempeñan e enderezo social da beneficiaria.
- d) Estatutos polos que se rexe a entidade.
- e) Fotocopia compulsada, do código de identificación fiscal (CIF).
- f) Certificación emitida por unha entidade financeira dos datos da conta bancaria onde se efectuará o pagamento da subvención concedida, con **expresión do código IBAN**.
- g) Declaración responsable da entidade solicitante sobre si solicitou ou no, e no seu caso, se lle foron concedidas axudas para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou ente público privado, nacional ou internacional, en caso de telo solicitado ou térselle concedido, indicarse a data da solicitude ou solicitudes, os órganos que as resolverán, a contía da axuda ou axudas solicitadas e no seu caso, concedidas con indicación da data ou datas das resolucións de concesión.
- h) Declaración responsable de non recaer sobre a entidade solicitante resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro ou, no seu caso, que realizou o correspondente ingreso, o cal acreditará por calquera medio válido en dereito.
- j) Declaración responsable de atoparse o beneficiario ao corrente das obrigas fiscais fronte á Administración do Estado e fronte á Seguridade Social, así como que se atope ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Santiago ou que non é debedor da mesma por calquera outro ingreso de Dereito Público.

De conformidade co disposto no apartado d), do artigo 53, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a documentación contida nos **apartados c), d) e e)** non será preciso aportala se xa está en poder do Concello, sempre que non sufrira ningunha modificación e se faga constar a data, órgano ou dependencia nos que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

De dito extremo deberá incorporarse informe do Departamento de Igualdade que acredite ter constancia desa documentación e nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á/ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

#### **8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes presentaranse, no prazo de **15 días naturais**, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **9. SUBSANACIÓN E MELLORA DAS SOLICITUDES**

As solicitudes que incumpran os requisitos establecidos nestas bases ou a documentación presentada fose incompleta, non se admitirán a trámite, sen prexuízo do establecido no artigo 68 da dita Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a subsanación e mellora da solicitude, polo que se requirirá á entidade solicitante para que no prazo improrrogable de dez días subsane a deficiencia ou presente os documentos requiridos, indicándolle, que de non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude e se procederá ao seu arquivo, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015.

#### **10. CRITERIOS OBXECTIVOS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

Valorarase de 0 a 115 puntos o proxecto presentado en función dos seguintes indicadores:

As valoracións relativas a criterios subxectivos serán motivadas pola comisión de valoración.

As entidades deberán probar documentalmente o cumprimento daquelas circunstancias que outorgan puntos, sen que se dean por existentes polo feito de alegalas na solicitude.

##### **1. Entidade solicitante (máximo 40 puntos):**

- Relación e experiencia da entidade co ámbito de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (de 0 a 5 puntos):
  - Menos de 1 ano: 0 puntos.
  - De 1 a 3 anos: 1 puntos.
  - De 3 anos e 1 día a 7 anos: 3 puntos.
  - Máis de 7 anos e un día: 5 puntos.
- Que estean compostas na súa maioría por mulleres (de 0 a 5 puntos):
  - Entre o 25% e 50% de mulleres: 1 puntos.
  - Entre 50 e 75% de mulleres: 3 puntos.
  - Máis de 75 % de mulleres: 5 puntos
- Actividades realizadas con anterioridade a esta convocatoria destinadas a conseguir algún dos obxectivos fixados nas bases desta convocatoria relativa ás actividades subvencionables realizadas no Concello de Santiago de Compostela, valorada a través da memoria das actividades realizadas no ano anterior á convocatoria (de 0 a 10 puntos):
  - Unha actividade: 3 puntos.
  - De dúas a catro actividades: 7 puntos.
  - Máis de catro actividades: 10 puntos.
- Número de mulleres ás que se dirixe a entidade na súa actividade habitual no Concello de Santiago de Compostela (de 0 a 5 puntos).
  - Menos de 100: 1 punto
  - Entre 100 e 500: 3 puntos
  - Máis de 500: 5 puntos
- Aportación económica da entidade ao proxecto (de 0 a 5 puntos):

- Menos do 25%: 0 puntos.
- Entre o 25% e o 50%: 3 puntos.
- Máis do 50%: 5 puntos.
- Colaboración co concello no desenvolvemento da súa actividade dirixida á promoción da igualdade, (de 0 a 10 puntos):
  - Unha actividade: 3 puntos.
  - De dúas a catro actividades: 7 puntos.
  - Máis de catro actividades: 10 puntos.

## **2. Proxecto (máximo 75 puntos)**

- **Enfoque do proxecto (de 0 a 30 puntos).**
  - Interese xeral das actividades e beneficio para a cidadanía do municipio de Santiago de Compostela, así como a súa complementariedade e coherencia coas liñas prioritarias marcadas polo Plan de Igualdade do Concello de Santiago (de 0 a 10 puntos).
  - Adaptación do proxecto á realidade social, inexistencia ou déficit de actividades análogas no municipio, e dificultade de executarse a actividade sen a subvención. Valorarase especialmente as actividades innovadoras, o uso racional dos recursos, a xeración de recursos propios e a promoción do voluntariado na organización (de 0 a 8 puntos).
  - Calidade técnica e viabilidade da actividade a subvencionar, ata 2 puntos
  - Duración das actividades previstas (de 0 a 10 puntos).
    - Máis de 3 meses: 10 puntos.
    - De 1 a 3 meses: 7 puntos.
    - 1 mes: 3 puntos.
- **Metodoloxía (de 0 a 25 puntos):**
  - Coherencia entre os obxectivos e as actuacións previstas e a lóxica global do proxecto (de 0 a 10 puntos).
  - Avaliación das actividades que se desenvolveron co Proxecto, a eficacia das mesmas, os impedimentos que se presentaron e as variacións que se tiveron que incorporar, engadindo indicadores específicos de xénero (de 0 a 10 puntos).
    - Contempla perfís de homes e mulleres beneficiarias e as condicións de participación: 2 puntos.
    - Analiza cal é a situación de mulleres e homes e identifica as fendas de xénero: 2 puntos.
    - Determina que recursos, normas e valores de cada sexo poden condicionar a participación: 2 puntos.
    - Identifica os ámbitos concretos nos que se observan situacións diferenciais entre mulleres e homes, especificando a distancia entre uns e outros: 2 puntos.
    - Visibiliza efectos directos e indirectos entre mulleres e homes: 2 puntos.
  - O carácter innovador e a finalidade transformadora das desigualdades da actividade a subvencionar, ata 5 puntos
- **Impacto (de 0 a 20 puntos)**
  - Poboación beneficiaria das actuacións, número de persoas beneficiarias directas e indirectas: de 0 a 10 puntos.
    - Máis de 100 persoas: 10 puntos.
    - De 50 a 99 persoas: 5 puntos.
    - Menos de 50: 2 puntos.

- Coordinación prevista con outras entidades e axentes (públicos e privados) para o desenvolvemento do proxecto (de 0 a 10 puntos):
  - 2 puntos por cada entidade ou axente ate un máximo de 10 puntos.

Só se subvencionarán aqueles proxectos que acadasen como mínimo a seguinte puntuación mínima en cada un dos seguintes apartados:

- Entidade solicitante, cun máximo de 40 puntos: 20 puntos.
- Proxecto, cun máximo de 75 puntos: 38 puntos.

A puntuación mínima para que o proxecto sexa financiado terá que ser de 58 puntos.

## **11. INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO E CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS**

As subvencións obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte os criterios de concesión establecidos nestas bases e adxudicando, co límite fixado na base 12 desta convocatoria, dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan a maior valoración en aplicación dos ditos criterios.

A valoración das solicitudes de subvencións corresponderá a unha Comisión Avaliadora, nomeada para tal efecto polo titular da Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, entre o persoal do Departamento de Igualdade, e da que formará parte o vicesecretario municipal ou funcionario/a no que delegue. O/a secretario/a redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

O Departamento de Igualdade será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de beneficiaria, e fará constar que da información que obra no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á Comisión Avaliadora que avaliará as solicitudes de subvencións, poñendo de manifesto os criterios utilizados consonte os contidos nestas bases, e emitirá o seu informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada, ao abeiro dos criterios fixados na base 10 desta convocatoria.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución e, á vista do expediente e do informe da antedita comisión formulará a **proposta de resolución**, á que se refire o artigo 24 da LXS, que incluírá a relación das entidades solicitantes, a actividade/s para as que se solicita a subvención, a puntuación obtida e o sentido da resolución: concesión ou denegación e, nos casos de concesión, o importe da subvención que se concede.

A **Xunta de Goberno Local** é o órgano competente para a concesión de subvencións, e **ditará resolución motivada** segundo o disposto nestas bases e consonte coa antedita proposta de resolución. **O seu acordo porá fin á vía administrativa** e notificaráselle ás entidades solicitantes na forma prevista no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para a resolución e a notificación non poderá exceder de **3 meses dende a publicación da convocatoria**, transcorrido o mesmo sen terse notificado a resolución expresa,



as persoas interesadas poderán entender **desestimada por silencio administrativo a súa solicitude**.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito a favor da entidade beneficiaria e correlativo compromiso de gasto para o Concello, que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión.

## **12. CONTÍA**

Poderá subvencionarse o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a contía máxima da subvención por entidade que é de 3.000 €.

En todo caso a concesión de subvencións estará suxeita á existencia do crédito orzamentario correspondente.

## **13. COMPATIBILIDADE**

Estas subvencións serán compatibles con calquera outras subvencións ou axudas procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Santiago a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade ou actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o custo total da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

## **14. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O prazo para a xustificación da subvención rematará **o 30 de outubro de 2017**, e as entidades beneficiarias deberán presentar debidamente cumprimentado o **Anexo 2**, que se recolle nestas bases coa documentación que de seguido se detalla, no Rexistro Xeral do Concello, ou nos seguintes rexistros auxiliares: Centro Sociocultural do Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado 14-16, baixo ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4), do artigo 16, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que revestirá a forma de rendición da conta xustificativa:

- a) Memoria debidamente asinada pola/o representante legal da entidade que acredite ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades e o grao de cumprimento de obxectivos.
- b) Xustificantes dos gastos realizados dentro do período subvencionable, que serán facturas ou documentos substitutivos orixinais ou copias compulsadas, polo **importe total dos gastos realizados na totalidade do proxecto**. No caso de que non se xustifique cumpridamente o total do proxecto, a cantidade concedida reducirase proporcionalmente para cumprir os límites sinalados nestas bases.

Ditos xustificantes deberán conter os requisitos recollidos no **RD 1619/2012, do 30 de novembro**, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

No caso da contratación dos **servizos dun/dunha profesional autónomo/a**, deberá presentarse a factura, coa retención efectuada do IRPF e a aplicación do IVE, se procede.

Os **gastos de persoal** necesarios para a **execución da actividade** xustificaranse coa presentación do contrato de traballo, as nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2) debidamente selados pola oficina recadadora.

A acreditación do pago dos gastos subvencionados realizarase por algunha das seguintes formas:

1º. Preferentemente mediante transferencia bancaria: xustificarse mediante copia do resguardo do cargo da mesma, debendo figurar no concepto da transferencia o número da factura ou, en defecto desta, o concepto abonado.

2º. Cheque: ademais da copia do cheque asinado, xustificarse mediante copia do extracto bancario do cargo en conta correspondente ao cheque.

3º. Efectivo: So se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasoleneiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de 600,00 euros. Xustificarse mediante factura ou recibín asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo de figurar a expresión recibín ou outra

- c) Certificación ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro (**este requisito débese acreditar necesariamente para poder realizar o pagamento da subvención**)
- d) Acreditación do requisito de publicidade previsto na base 6, segundo o modelo contido no anexo III desta convocatoria e mediante a presentación de documentación impresa, fotografías, informática...

Consonte o artigo 70.3 do RD 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado a mesma perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de **quinze días**, sexa presentada a xustificación da subvención. A falla de presentación da xustificación no antedito prazo levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á antedita Lei, correspondan.

Cumpridas as esixencias de documentación citadas e, con proposta do órgano xestor, remitiráselle o expediente á Intervención Xeral Municipal para que emita o preceptivo informe de fiscalización. Se este é favorable, a Xunta de Goberno Local resolverá a aprobación do recoñecemento da obriga a favor da entidade beneficiaria e tramitarase a correspondente orde de pagamento da subvención.

O pagamento das subvencións materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada entidade beneficiaria na documentación que achegue, ou, de ser o caso, mediante talón nominativo ao seu favor.

## **15. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN**

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras ou na demais normativa de aplicación, así como das condicións que, no seu caso, se establezan no acordo de concesión, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas por outras administracións ou entes públicos ou privados, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención, ou á devolución total ou parcial das subvencións concedidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva dita devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, de conformidade co previsto no capítulo II, do título III do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que

se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 e nas Bases de execución do orzamento do exercicio de 2017.

Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa aplicable.

#### **16. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN**

O Concello de Santiago, polos medios que estime oportunos e conforme á lexislación vixente en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

#### **17. RÉXIME DE RECURSOS**

Contra os actos ditados en aplicación das presentes bases, as entidades interesadas poderán interpoñer os recursos previstos no título V da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro adecuado a dereito.

**1. ENTIDADE SOLICITANTE**

**1.1 DATOS DA/O REPRESENTANTE DA ENTIDADE**

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DNI/NIE	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELEFÓNO	CORREO ELECTRÓNICO	

**1.2 DATOS DA ENTIDADE**

DENOMINACIÓN	CIF	
ENDEREZO LOCALIDADE		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	Nº REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN	

**2. ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN, CON INDICACIÓN DA CONTÍA E PORCENTAXE QUE REPRESENTA SOBRE O SEU CUSTO TOTAL**

PROGRAMA/ACTIVIDADES	CONTÍA DA AXUDA	PORCENTAXE QUE REPRESENTA

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



A/o representante da entidade **DECLARA** (cumprimentar marcando cun aspa)

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, que non se omite ningún dato, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento ou por calquera outra actuación fraudulenta.

Que a entidade á que represento está ao corrente no cumprimento das xustificacións doutras subvencións concedidas polo Concello.

Que a entidade á que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Que a entidade á que represento non está incurso en ningún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Que reúne os requisitos esixidos e acepta todos os termos incluídos nesta convocatoria, polo que SOLICITA a/as subvención/s que se regulan naquela.

A/o representante da entidade

**AUTORIZA**

**NON AUTORIZA**

Á recollida e tratamento de datos de carácter persoal, coa única finalidade de utilizalos para xestionar as funcións derivadas do motivo da solicitude e as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa mesma.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2017

Sinatura do/a representante da entidade

3. Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de \_\_\_\_\_ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

Que non solicitou nin percibiu ningunha outra subvención para a mesma finalidade

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

4. Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

5. Que da liquidación de ingresos e gastos derívase que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

6. Que a entidade á que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Santiago de Compostela, de de 2017

Sinatura

---

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**ANEXO II**

**XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS**

D/D <sup>a</sup>			
____, con	NIF	_____, representante	legal da entidade
_____, con CIF			_____

**DECLARO:**

1. Que a actividade para a que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizada na súa totalidade

Actividade:
Convocatoria:
Datas de realización:
Importe da actividade:
Importe da subvención concedida:

18. Que os gastos xerados na/s actividade/s subvencionada/s son os seguintes, e se achegan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes, así como as xustificacións do seu pagamento.:

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGO
	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

CONCELLARÍA DA ÁREA DE IGUALDADE  
**Departamento de Muller**

---

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

---

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



**NOME DA ENTIDADE**

**OBRADOIRO/ACTIVIDADE**



**ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO**